

Comunicado nº259/18
31 de decembro de 2018

☐ NOVA “ACREDITACIÓN DE SIAREIRO” 2019

Implántase a nova “Acreditación de Siareiro 2019”, por acordo de Xunta Directiva-Comisión Delegada celebrada o 24 de maio de 2018, para cubrir un oco nos aseguramentos persoais para test, parte activa como público nas probas, tandas, rodadas en circuitos, drifting en circuito, trial 4x4, rallyes de regularidade, fórmula rallye, e rallyes de clásicos.

A proposta foi aceptada pola compañía aseguradora, coa súa valoración, e axustase o prezo a baixa **para integrais en modalidades non competitivas, ou de aseguramento persoal dos siareiros** na “Federación Galega de Automobilismo” a partir da tempada 2019.

A “Acreditación de Siareiro” non ten validez participativa nin habilita para os Campionatos de Galicia de Rallyes, Montaña, Rallymix, Autocross, Slalom, e Karting na que só se admite a “Licencia Autonómica Única” conveniada coa “Real Federación Española de Automovilismo”, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo. Estanse a tramitar por algunhas Federacións Autonómicas “Licencias Autonómicas Exclusivas Territoriais”, que non están contempladas no convenio asinado coa Federación Estatal, e por conseguinte non son admitidas a participar en ningún Campionato de Galicia de Automobilismo.

O prezo para siareiro/piloto/copiloto será de 150 euros, e dará cobertura médica e de aseguramento deportivo de accidentes en consonancia co Artigo 28.4 da Lei do Deporte de Galicia, Lei 3/2012, e dacordo ao esixido pola Lei de Circulación.

Para tramitala “Acreditación de Siareiro”, terase que cubri-lo formulario de solicitude na páxina www.fga.es, e ingresala cantidade correspondente na conta corrente (BBVA) IBAN ES45 0182-4730-37-0201624459 con pago telemático ou ingreso en conta.

Ista “Acreditación de Siareiro” non da dereitos para figurar no censo, non ser votante, nin elexible a ningún órgano federativo.

Asimesmo non se pode ampliar, convalidar, ou ser parte de abono para tramitar unha “Licencia Autonómica Única”.

